

ANUNCIO

Por Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 329/2026, do 29 de abril de 2026, aprobouse a relación de aspirantes que formarán parte da listaxe para posibles nomeamentos interinos de enxeñeiros técnicos industriais (A2), por orde de puntuación obtida segundo se detalla a continuación:

Nº de orde	Apelidos e nome	DNI	Experiencia Laboral	Formación	Coñecemento do galego	Probas selectivas superadas	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Roibás López, Óscar	***4394**	5	2,85	0	0	7,85
2	Álvarez Seoane, Andrés	***6275**	2,50	2,55	0	0	5,05
3	Cambón Olea, Jorge	***5350**	0	0,80	0	0	0,80
4	Loureiro Salvadores, Xoan Manuel	***2870**	0	0	0	0	0
5	Pereira Álvarez, Rubén	***8757**	0	0	0	0	0

Esta resolución, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é de un mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Cambre, na data da sinatura dixital
O concelleiro delegado
P.D. (R.A. núm. 396/2025, do 30 de abril)

Rubén Vázquez Pérez